

DEMONIOS TUS OJOS

[Pedro Aguilera, 2017]

230

ESTREA EN NUMAX: 12.05.2017 | V.O.S.E. | +16

Demonios tus ojos (2017, 94')

Dirección: Pedro Aguilera

Guión: Pedro Aguilera, Juan Carlos Sampedro

Elenco: Ivana Baquero, Julio Perillán, Nicolás Coronado, Lucía Guerrero, Elisabet Gelabert, Juan Pablo Shuk

Son: Jaime Lardiés

Montaxe: Imanol Ruiz de Lara

Fotografía: Miquel Prohens

Música: Richard Córdoba

Produtoras: Pedro Aguilera (España), Cristina Gallego (Colombia)

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idiomas orixinais: Español, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Róterdam 2017 (Sección Oficial, Hivos Tiger Competition), Málaga 2017 (mellor actriz —Ivana Baquero—, mellor actor —Julio Perillán—, Premio Escolas de Cine ao Mellor Filme), BAFICI (Sección oficial), D'A Festival Internacional de Cine de Autor de Barcelona (Talents)

FILMOGRAFÍA

La influencia, 2007

Naufragio, 2010

SINOPSE

Oliver é un mozo director de cinema que unha noite descobre nunha web de vídeos eróticos que a súa irmá pequena, Aurora, é a protagonista dunha das gravacións. Sorprendido e confuso, decide ir a visitala a Colombia pouco despois, tras varios anos sen verse. A súa relación está bastante abandonada, pero Oliver quere saber que fai ese tipo de gravación con ela en Internet. No proceso de averigualo, Oliver acabará fascinándose pola súa irmá.

«Maxistral. Un filme tan perverso como fascinante»

Juan Sardá EL PERIÓDICO



«Facer un filme en España converteuse nun vía crucis infernal»

Entrevista con Pedro Aguilera
Por Philipp Engel

Costa moito levantar un filme independente en España? O cinema español actual é moi bo. Pero estase infravalorando o que chaman a marca España. Temos unha das mellores xeracións do noso cinema, que fai todo tipo de cousas. Pero entre a desidia dalgúns produtores, que deixaron de gañar diñeiro (aínda que non todos, porque tamén os hai moi loitadores), e sobre todo a do Estado, ao que non lle preocupa absolutamente nada a cultura en xeral e o cinema en particular, non se fai nada. O meu próximo filme tereino que facer fóra, porque aquí é imposíbel. Facer un filme en España converteuse nun vía crucis infernal.

Nese vía crucis, como se reparte o peso entre o produtor e o realizador? Ao realizador, aínda que non gañe un chavo, facer cinema faino feliz. O realizador, como xa o di a palabra, realízase como persoa facendo cinema, porque o cinema é unha adicción, unha necesidade. Pero o produtor só se vai a enfrontar á parte problemática da película. E falo de problemas serios. Se o fas mal, podes telos con Facenda e a Seguridade Social. Cada filme é unha empresa. Con esta película, paguei 30 soldos. Digamos que son un emprendedor, que creo industria. Pero o Estado non me dá incentivos. Ao final xa

non ten sentido facer cinema neste país, é puro masoquismo. (...)

Falemos agora da película, como te atreviches a tratar un tabú como o incesto? Recoñezos que a min, de entrada, bloqueáame e vélame o entendemento. Quero dicir de entrada que o incesto non é o centro da película. Pero sorprendeume moito, tanto buscando financiamento como despois ao mover a película, que á xente lle asustase tanto este tema. Nunca pensei que fose un tabú tan forte. E, de feito, na primeira versión do guión os protagonistas nin sequera eran irmáns. Interesábanos sobre todo o tema da manipulación, dunha persoa sobre outra, como a dun home sobre a súa irmá ou un director de cinema sobre a súa musa. E tamén o tema de «ver demasiado». É dicir, a saturación de imaxes actual. Xa non imos ás imaxes, senón que veñen a nós cada día. Invádenos e atácanos constantemente, e ademais perderon a súa esencia.

A película colócate nun lugar incómodo, porque te empuxa a identificarte co protagonista, un tipo completamente amoral, á vez que podes entender perfectamente as motivacións do seu desexo. O espectador convértese en voyeur. Si, iso é algo que buscamos, e tamén é certo que todos somos voyeurs. Aínda que aquí tampouco está moi claro quen é a vítima. El propón, e ela dispón. Ela accede ao xogo. Aínda que tamén é certo que el empeza e acaba sendo un cabrón. Mentres que ela perdeu algo...

Publicado en www.fotogramas.es

Entre os referentes cinematográficos atópanse clásicos como *El fotógrafo del pánico* (Michael Powell, 1960), *El hombre con rayos X en los ojos* (Roger Corman, 1963), *Vértigo* (Alfred Hitchcock, 1958), *Identificación de una mujer* (Michelangelo Antonioni, 1982) ou *Arrebato* (Iván Zulueta, 1979), cun punto de vista actual e universal, arredor dun mundo contaminado en exceso de imaxes, onde nos resulta difícil distinguir entre o captado por calquera tipo de cámara e o verdadeiramente real.

Publicado en www.goodfilms.es

É a historia dun director de cinema. É por tanto o relato do seu rostro e da súa mirada, a do cineasta: un invasor que quere penetrar nun espazo privado que non lle pertence, para despois amosalo ao mundo. A cinta mostra unha sucesión de invasións, fala da intimidade das persoas. O que proxectamos cara aos demais pode ser nalgúns casos o oposto ao que vivimos na privacidade. É ademais un filme sobre a perda da pureza. A inocencia xa non é posíbel nun mundo onde todo está exposto. As imaxes xa non son cautas nin parciais, amósano todo. E porén, son máis manipulábeis que nunca. A súa lectura faise cada vez máis ambigua.

(Pedro Aguilera)

Traducións ao galego: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Vértigo, Alfred Hitchcock.
Universal Pictures [Blu-Ray]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

